



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PROVINCIAL

G-32014003

xosebaltar@bng.gal

Bernardo Varela López, Voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte moción:

Actuacións para o freno das consecuencias da Covid-19 en Residencias de Maiores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As residencias da terceira idade e residencias e centros de persoas con discapacidade estánse amosando como un importante foco de contaxio da pandemia Covid-19, dada a tipoloxía de usuarios destes espazos. Na maioría dos casos persoas con diversas patoloxías, resulta evidente que a perigosidade provocada polo Covid-19 se incrementa exponencialmente nestes Centros. Especialmente cando se trata de Centros cunha gran cantidade de usuarios, que polo que se pode concluir dos datos que estamos a observar, ou ben non cumplen cos protocolos establecidos de prevención ou estos son claramente insuficientes.

En boa medida, estos Centros son de titularidade e xestión privada, aínda que muitos deles construídos e financiados cando menos parcialmente con fondos públicos (tamén desta Deputación). Dentro dos xestores, cabe destacar a nivel galego a Fundación San Rosendo e a multinacional DomusVi que resultan ser as empresas que copan a maioría das residencias con coronavirus e número de residentes e traballadoras contaxiadas. Así o 48% dos residentes infectados están en residencias de San Rosendo e o 32% en DomusVi. No tocante ó persoal, o 55% das contaxiad@s traballan na Fundación San Rosendo, e o 17% en DomusVi.

A día de hoxe (14/10/2020), 38 residencias para persoas maiores das 260 existentes en Galicia (residencias e fogares residenciais) teñen coronavirus entre as súas usuarias e traballadoras, o que representa o 14,62% do total de residencias. En total, 676 usuarias e traballadoras están contaxiadas (417 usuarias, 159 traballadoras)

En troques, só o 1,44% das usuarias afectadas polo coronavirus neste momento en Galicia están ingresadas en residencias con xestión pública, a porcentaxe sube se falamos do persoal, o 6,29% do total das traballadoras afectadas pola covid en residencias laboran na pública. Hai que dicir que tan só o 15% das residencias en Galicia teñen xestión pública (39 residencias de 260). Con todo os datos son rechamantes 1,44% dos afectados son residentes en Centros Públicos frente ó 15% de residentes que teñen.

Esta Corporación Provincial que atesora o dubidoso podio de xestionar a provincia máis avellentada do Estado Español, debe pois posicionarse ante un aspecto tan sensible como a xestión do benestar das nosas persoas maiores, aqueles que traballaron arreo para que

acadaramos o coñecido como estado do benestar. E que hoxe, en moitos casos ven a derradeira etapa da súa vida comprometida, por unhas circunstancias que en algúns dos casos non fan máis que aflorar unha situación previa de carencias en Centros Residencias, como xa fora denunciado no “informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes” do Consello de Contas de Galicia do ano 2018.

É por esto, que aínda sendo unha competencia da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, entendemos que o Pleno da Deputación Provincial de Ourense debe pronunciarse ó respecto da situación xeral que afecta ás Residencias e Centros de persoas con Discapacidade e Maiores, e tomar os seguintes acordos:

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza blindar as residencias privadas perante a segunda onda da COVID-19 e posíbeis repuntes do virus a través dunha intervención pública dirixida a supervisar e asesorar nas actuacións que leva a cabo o seu persoal, co obxectivo de garantir o cumprimento escrupuloso dos protocolos e que se estean a adoptar todas as medidas necesarias fronte á pandemia.
2. Instar á Xunta de Galiza a ampliar os cribados periódicos anunciados para o persoal e usuarias das residencias ao conxunto de servizos sociais de Galiza, incluíndo os centros de menores e o Servizo de Axuda no Fogar.
3. Instar á Xunta de Galiza a facer públicos os expedientes abertos ás residencias galegas desde a declaración da emerxencia sanitaria ate a actualidade e toda a documentación correspondente aos mesmos, facilitando a valoración por parte da cidadanía da situación dos seus familiares ingresados.
4. Instar á Xunta de Galiza a publicar, de maneira transparente e accesible para o conxunto da poboación, os datos referidos á incidencia da COVID-19 nas residencias de maiores desde o inicio da pandemia. Indicando, cando menos, o número de contaxios e falecementos por residencia; as probas realizadas, especificando a súa tipoloxía e a taxa de positividade detectada entre as persoas usuarias e traballadoras.
5. A Deputación de Ourense comprométese a condicionar as axudas públicas desta institución para novas residencias ou a ampliación das xa existentes, a que estas sexan de xestión pública e directa por parte da Xunta de Galiza ou o órgano de xestión que esta estableza. Comprometendo a súa atención a un modelo máis achegado ás persoas dependentes, e que non se supere un límite de 35 prazas por unidade de atención para permitir un trato personalizado; así como o límite de dous usuarios por habitación e baño disponible na mesma.

En Ourense a 15 de Outubro de 2020

Asdo: Bernardo Varela López

Voceiro do gurpo provincial do BNG

A/A Sr. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE